



## 1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

### INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de 15 minutos.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán 0,50 puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán 0,125 puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun X ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**EXAME EN GALEGO**



**1. Sinale para cal das seguintes actividades será de aplicación a Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais:**

- A) Policía, seguridade e resgardo aduaneiro
- B) Forzas Armadas e actividades militares da Garda Civil
- C) Servizos operativos de protección civil e peritaxe forense nos casos de grave risco, catástrofe e calamidade pública
- D) Para as relacións laborais reguladas no texto refundido da ley do Estatuto dos Traballadores e no das relacións de carácter administrativo ou estatutario do persoal ao servizo das Administracións Públicas

**2. Seguindo o establecido no Decreto 206/2005, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, sobre a selección de persoal fixo, sinale cal das seguintes afirmacións é verdadeira:**

- A) A selección realizarase con carácter xeral polo sistema de oposición
- B) A reserva de prazas para persoas con discapacidade farase efectiva naquelas convocatorias que oferten un mínimo de 15 prazas da correspondente categoría ou especialidade
- C) Nas probas selectivas non terá que demostrarse o coñecemento da lingua galega, xa que figuran inscritos/as aspirantes doutras Comunidades Autónomas
- D) Un dos requisitos dos aspirantes é posuír a capacidade funcional necesaria para o desempeño das funcións que se deriven do correspondente nomeamento

**3. No caso da detención preventiva, ¿en que momentos está garantida pola Constitución Española a asistencia dun avogado?**

- A) Nas dilixencias policiais
- B) Nas dilixencias policiais e xudiciais
- C) Só nas dilixencias xudiciais
- D) Só nas dilixencias policiais nas que o solicite a persoa interesada

**4. Das seguintes opcións, sinale cal é incorrecta respecto da Administración Pública galega, atendendo ao establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia:**

- A) Corresponde á Comunidade Autónoma crear e estruturar a súa propia Administración Pública
- B) Se por lei se establece unha comarca como entidade local con personalidade xurídica e demarcación propia, isto implicaría necesariamente a supresión dos municipios que a integren
- C) Pódese recoñecer, por lei, personalidade xurídica á parroquia rural
- D) A Comunidade Autónoma poderá delegar as funcións administrativas nas provincias, municipios e demais entidades locais recoñecidas no Estatuto

**5. Sinale cal das seguintes afirmacións é falsa, atendendo ao establecido no Estatuto Marco, para a xornada e descanso diarios:**

- A) O tempo de traballo correspondente á xornada ordinaria non excederá de 12 horas ininterrompidas
- B) Pódense establecer xornadas de ata 24 horas, mediante programación funcional, para determinados servizos ou unidades sanitarias, cando así o aconsellen razóns organizativas ou asistenciais
- C) O persoal terá dereito a un período mínimo de descanso ininterrompido de 24 horas entre o remate dunha xornada e o comezo da seguinte
- D) Unha das causas polas que se pode reducir o período de descanso entre xornadas de traballo é, no caso de traballo a quendas, cando o persoal cambie de equipo e non poida gozar do período de descanso diario entre o final da xornada dun equipo e o comezo da xornada do seguinte

**6. Aos efectos establecidos no artigo 12.5 do Regulamento (UE) 2016/679, cando se poderá considerar repetitivo o dereito de acceso a menos que exista unha causa lexítima para elo?**

- A) Acceso en máis dunha ocasión durante o prazo dun mes
- B) Acceso en máis de dúas ocasións durante o prazo de tres meses
- C) Acceso en máis dunha ocasión durante o prazo de seis meses
- D) Acceso en máis de dúas ocasións durante o prazo dun ano

**7. Sinale cal das seguintes accións se considera infracción grave, atendendo á Lei de Saúde de Galicia:**

- A) A obstrución da labor inspectora mediante calquera acción ou omisión que a perturbe ou retrase
- B) A emisión ou difusión ao público de anuncios publicitarios ou propaganda comercial por calquera medio, con repercusión directa sobre a saúde humana ou ao fin de promover a contratación de bens ou servizos sanitarios, sen dispor da correspondente autorización administrativo-sanitaria
- C) A negativa a informar ás persoas que se dirixan aos servizos sanitarios sobre os dereitos e obrigas que lles afectan
- D) A negativa a suministrar datos, facilitar información ou prestar colaboración ás autoridades sanitarias ou aos seus axentes no desenvolvemento das labores de inspección ou control sanitarios e investigacións epidemiolóxicas de brotes ou situacións de especial risco para a saúde da poboación

**8. Segundo o establecido no Estatuto Marco para a situación de suspensión firme, sinale cal das seguintes afirmacións non é correcta:**

- A) O profesional queda privado do exercicio das súas funcións e dos seus dereitos
- B) Determina a perda do posto de traballo cando exceda de 6 meses
- C) Imponse en virtude de sentenza ditada en causa criminal ou en virtude de sanción
- D) O persoal estatutario declarado en situación de suspensión firme de funcións non poderá prestar servizos no Servizo de Saúde, pero sí en entidades públicas suxeitas a dereito privado ou en fudancións sanitarias, durante o cumprimento da pena ou sanción

**9. Dacordo co establecido na Lei Xeral de Sanidade, unha das seguintes competencias, non é competencia exclusiva do Estado:**

- A) Vixilancia e control dos posibles riscos para a saúde derivados da importación, exportación ou tránsito de mercadorías e do tráfico internacional de viaxeiros
- B) Sanidade exterior
- C) Relacións e acordos internacionais
- D) Control sanitario da contaminación atmosférica

**10. De conformidade co artigo 13 do Decreto 206/2005, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, sinale a resposta incorrecta respecto aos tribunais de selección:**

- A) Serán nomeados pola autoridade convocante
- B) Estarán compostos por un número impar de membros, non inferior a tres
- C) Poderán propoñer ao órgano convocante a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas
- D) As organizacións sindicais, representadas na mesa sectorial de negociación, nos termos que acorden os seus representantes en dita mesa, poderán propoñer un membro de ditos tribunais

Preguntas de reserva

**1. Cando o dereito á supresión de datos derive do exercicio do dereito de oposición, segundo o establecido na Lei 3/2018, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, o responsable de datos poderá:**

- A) Conservar os datos identificativos do afectado necesarios co fin de impedir tratamentos futuros para fins de mercadotecnia directa
- B) Limitar o tratamento de datos e facelo constar claramente nos seus sistemas de información
- C) Acompañar de documentación xustificativa a aplicación do dereito á supresión que realizou o solicitante
- D) Requerir ao afectado que especifique os datos ou actividades de tratamento

**2. Segundo o establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia, sobre o seu Parlamento, sinale a resposta incorrecta:**

- A) Non se rexe por ningunha lei nin regulamento, senon polo propio Estatuto de Autonomía de Galicia
- B) Exerce a potestade lexislativa de Galicia
- C) É inviolable
- D) Aproba os orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia